



IES Escuelas Proval



Cofinanciado por el
programa Erasmus+
de la Unión Europea

Segunda Convocatoria bolsas Erasmus + para CICLOS SUPERIORES 2016/2017

Nigrán, 1 de Xuño de 2017

Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto fomentar que os estudantes dos ciclos formativos de grao superior de Administración e Finanzas e de Mantemento Electrónico realicen unha mobilidade a un país da Unión Europea co gallo de mellorar o seu desenvolvemento persoal, profesional e lingüístico.

Número de bolsas Erasmus +

-Proxecto Erasmus+ 2016-1-ES01-KA103-023411

O número de bolsas é de:

- 1 para alumnos do ciclo formativo de grao superior de Mantemento Electrónico
- 1 para alumnos do ciclo formativo de grao superior de Administración e Finanzas



As bolsas son para a realización do módulo de FCT nunha empresa europea ou para facer prácticas voluntarias en empresas os alumnos recentemente titulados ou os alumnos que estean cursando Ciclo Superior de FP. Terán preferencia os alumnos que vaian a facer o módulo de FCT.

A duración mínima de cada mobilidade é de 60 días. As mobilidades deberán finalizarse, como moi tarde, o 31 de Maio de 2018.

No caso de que queden desertas as bolsas para alumnos dun ciclo superior (Electrónica, Administración) pasaranse para alumnos do outro ciclo superior.

Prazo de presentación de solicitudes

A solicitude da bolsa para a presente convocatoria poderá presentarse polos interesados ata o 13 de Xuño de 2017 inclusive.

Formalización de solicitudes e documentación

O formulario de inscrición pode descargarse da páxina web do centro en Programas Europeos / Erasmus / Erasmus + para Ciclos Formativos de Grao Superior.

A solicitude debe entregarse na secretaría do IES Escuelas Proval no prazo establecido.

A Coordinadora de Proxectos Europeos

